Retallos de mundo: Tam Coc e Trang An, Vietnam, entre montañas de pedra, ríos e arrozais

Poio 15 de novembro 2026

Xesús Constela

https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/tam-coc-trang-an-vietnam-montanas-rios-arrozais-xesus-constela_522722_102/5631132.html

A paisaxe de **Tam Coc**, na provincia interior de **Ninh Bình**, no norte de **Vietnam**, a pouco máis de cen quilómetros da capital, Hanoi, destaca polas súas impoñentes montañas de pedra calcaria, que se elevan abruptas sobre os arrozais, rodeadas por ríos sucados de xeito continuo por pequenos botes de remos que avanzan en silencio a través de estreitas gargantas naturais.

A orixe deste singular relevo remóntase a un longo proceso xeolóxico acontecido ao longo de millóns de anos durante os cales a **auga foi erosionando** e disolvendo a pedra calcaria até abrir fendas, galerías e extensos sistemas de covas nun proceso que deu lugar a picos abruptos e paredes case verticais que se erguen sobre vales relativamente chans.

Pero o que máis chamou a miña atención foi descubrir até que punto este contorno está ligado de xeito indisolúbel á historia e ao carácter dos seus habitantes, para quen os ríos, os túneles, as covas e as montañas non son simples elementos dunha paisaxe extraordinaria, senón tamén espazos de traballo, **vías de comunicación** e incluso **lugares de culto**.

O nome de Tam Coc significa **"tres covas"**, unha denominación que resume moi ben o percorrido que fixen polo **río Ngô Đồng**, que atravesa os arrozais antes de introducirse sucesivamente en tres longas galerías naturais: **Hang Cà**, de arredor de cento vinte e sete metros, **Hang Hai**, que ten uns sesenta, e **Hang Ba**, de máis ou menos cincuenta.

A primeira parte da miña viaxe transcorreu a bordo dun pequeno bote de madeira que partiu dun embarcadoiro construído en medio dunha paisaxe bastante aberta, na que os extensos campos de arroz ocupaban os espazos que **quedaban entre as montañas**, pero pouco a pouco as paredes calcarias foron pechando o horizonte e o río comezou a avanzar por lugares moi estreitos nos que a luz conseguía penetrar con certa dificultade.

Mais a maior beleza de Tam Coc non a descubrín no paso do bote polo interior destas tres grandes covas, que xa de por si xustificaría a singularidade da experiencia, senón no vagaroso

traxecto entre unha e outra, neses tramos nos que as montañas aparecían reflectidas na auga, rodeadas de exuberante vexetación e de vizosos arrozais. Velaí encontrei o verdadeiro encanto dun **territorio agrícola** que a cada momento me pareceu insinuar unha relación máis que palpábel entre o escenario e as persoas que o habitaban.

Pero se Tam Coc foi quen de me abraiar dun xeito tan especial, a visita ao complexo de **Trang An**, a apenas sete quilómetros de distancia a través da mesma rede de ríos entre rochas e montañas, ofreceume unha experiencia aínda máis monumental, pois alí a presenza humana ao longo da historia deu lugar á construción de espectaculares templos e pagodes en vales, lagoas e covas, que lle dan á paisaxe un suxestivo carácter de espazo totalmente apartado do mundo exterior.

Entre as galerías que puiden atravesar nunha nova viaxe en bote, desta volta polo **río Sào Khê**, debo destacar a **cova de Đột**, de máis dun quilómetro de lonxitude, que me permitiu experimentar dun xeito especialmente intenso a relación entre a auga e a pedra, porque, ao penetrar nela, a montaña deixou de ser a inmensa parede vertical que se contemplaba dende fóra para se converter nun espazo escuro, de **abruptos teitos rochosos** e tramos moi baixos que me obrigaban a prestar moita atención ao percorrido para non levar un golpe na cabeza, coma se a paisaxe, que até ese momento se ofrecera cunha amplitude colosal, se reducise de súpeto a un corredor estreito no que só existían a auga, a rocha e o lento e silandeiro avance da embarcación.

Ao mando ía unha muller coa que non puiden intercambiar nin unha soa palabra, porque non atopamos unha lingua común que nos servise para establecer comunicación, polo que quedei sen poder preguntarlle por que remaba cos pés e non coas mans, unha curiosa técnica usada no lugar que, polo que logo puiden saber, permite aproveitar a forza das pernas para reducir o esforzo ao tempo que deixa as mans libres para **gobernar a embarcación** e para afastala das rochas, sobre todo ao navegar polo interior das covas.

O primeiro exemplo da perfecta integración da arquitectura relixiosa nesta paisaxe tan singular atopeino no **templo de Suối Tiên**, un pequeno santuario encaixado entre a auga e as montañas ao que só se pode chegar en bote, un acceso que se converteu nunha parte esencial da experiencia, pois o propio percorrido até o lugar contribuíu a reforzar a sensación de estar a penetrar nun espazo que parecía un tanto alleo ao resto do mundo.

En Suối Tiên, que ten unha **arquitectura tradicional vietnamita**, con tellados curvados e estruturas e decoración de madeira tallada, cun interior cheo de imaxes de culto, inscricións ornamentais e outros elementos rituais budistas, a montaña, a cova e a auga non funcionaban como un mero decorado, senón como elementos que parecían contribuír a definir o significado do lugar.

Outro dos espazos nos que puiden percibir esta estreita relación entre natureza e cultura foi o complexo dos tres pagodes de **Bích Động,** construído no século XV e integrado nas cavidades dunha montaña á que accedín a través dunha pequena ponte de pedra arqueada sobre unha lagoa chea de flores de loto que daba a unhas escaleiras moi empinadas polas que subín ao primeiro pagode, construído con madeira e pedra cos característicos tellados curvados que acubillaban imaxes budistas douradas e altares nos que os visitantes prendían varas de incenso e deixaban ofrendas.

Ao continuar a subida, a estreita relación entre a arquitectura e a montaña fíxose aínda máis evidente, xa que o pagode intermedio está integrado nunha cavidade da rocha, de maneira que **a pedra forma parte do propio espazo arquitectónico**. No seu interior, fresco e moi húmido, a

luz exterior entraba por aberturas naturais e creaba unha atmosfera moi diferente da que se percibía ao pé da montaña. E finalmente accedín ao pagode superior, máis pequeno e situado nunha posición elevada, que completou un percorrido no que a ascensión física parecía formar parte da propia experiencia espiritual do lugar, algo que supoño que era o que procuraban os seus construtores.

Pero se a interesante navegación por Tam Coc e Trang An me permitiu descubrir a paisaxe dende o seu interior, o camiño en bicicleta até o pé da montaña calcaria onde está Hang Múa, sen dúbida o mellor modo de desprazarme para me poder deter a **contemplar o escenario**, serviume para completar a singularidade da experiencia.

Aquí xa non se trataba de navegar entre montañas, senón de visitar un pequeno templo situado no interior dunha cova, onde se venera un **tigre sagrado** que disque protexe fronte a espíritos malignos, antes de ascender por unha empinada escalinata de pedra de nada menos que catrocentos oitenta e seis chanzos construídos segundo as formas da rocha, que conduce a dous cumios xemelgos, un deles coroado por unha figura de pedra con forma de dragón.

Dende alá enriba, a unha altura duns **cento vinte metros** por riba do val, a perspectiva da paisaxe, tal como era de esperar, cambiou radicalmente, e por fin puiden encaixar na mente todos os elementos que observara nos meus percorridos en bote ou en bicicleta por diferentes ríos, pistas e camiños da contorna que me levaron a lugares incríbeis.

O río Ngô Đồng, cheo de voltas e reviravoltas, serpeaba entre uns arrozais dun verdor case inimaxinábel, mentres as montañas calcarias emerxían maxestosas polo val adiante como grandes illas de pedra, separadas por campos cultivados, **pequenas lagoas repletas de flores de loto** e moitas manchas de vexetación de diferentes tonalidades espalladas na distancia. Un verdadeiro pracer para os sentidos. O conxunto estendíase até que se perdía no horizonte e formaba un fermoso mosaico no que se mesturaban a xeometría dos cultivos e as formas irregulares do relevo montañoso. Non sei canto tempo pasei alá arriba a gozar dunhas vistas que non puiden parar de admirar.

Unha das cousas que máis me chamou a atención nesta visita a Hang Múa foi a **cantidade de mulleres que subían polas empinadas escaleiras** até o cumio da montaña aviadas con fermosas vestimentas tradicionais, algunhas delas incluso descalzas, para se facer retratos soas ou en grupos debaixo dunha escultura que representaba de Quan Âm, unha figura feminina moi venerada no budismo de Vietnam que polo visto está asociada á compaixón.

No regreso en bicicleta cara a Tam Coc, aínda tiven tempo de parar nun pequeno templo que encontrei na base dunha das montañas de pedra. Alí atopei un home de moita idade que me falaba cunha **enorme amabilidade**, pero cunhas palabras que non dei comprendido porque non falo unha soa palabra de vietnamita, pero foi quen de me indicar un lugar onde deixar a bicicleta e logo me convidou a acompañalo por unha porta que daba ao interior e da que tiña a chave para me ensinar un humilde altar rodeado de varas de incenso acesas en honra dalgunha divindade que non fun quen de identificar.

Non entendín absolutamente nada do que aquel home tan amábel me explicaba, pero aínda así botei un bo anaco a escoitar o que dicía porque amosaba un interese enorme nas súas explicacións. Para se despedir de min deume a man en **sinal de amizade** e agasalloume cun amplo sorriso mentres me acompañaba cara ao exterior. Esa escena tan agradábel serviume para certificar a amabilidade enorme dos habitantes desta zona tan rural de Vietnam.

Tam Coc e Trang An resultaron ser moito máis ca unha sucesión de panorámicas espectaculares, pois detrás da beleza das montañas descubrín unha comunidade cuxa forma de vida estivo marcada durante séculos polas **singulares condicións naturais** do territorio que habitan. Os arrozais, as embarcacións, as aldeas, os templos e os pagodes engaden unha dimensión humana a unha paisaxe única e dunha beleza extraordinaria. Quizais sexa precisamente esa convivencia entre a **forza da natureza** e a **vida cotiá** das persoas o que converte este recuncho de Vietnam nun lugar que será moi difícil de esquecer.

©Xesús Constela, 2026